

INVENTARIO ILUSTRADO DOS MARES

Texto de VIRGINIE ALADJIDI

Ilustracións de EMMANUELLE TCHOUKRIEL

Tradución de FERNANDO MOREIRAS

Encadernado en cartón. 21,5 x 30 cm. 72 páx. 18 €

[Inventario ilustrado dos mares](#) (galego)

ISBN 978-84-15250-48-7. Ciencias.

[Inventario ilustrado de los mares](#) (castelán)

ISBN 978-84-15250-47-0. Ciencias.

[Inventari Ilustrat dels mars](#) (català)

ISBN 978-84-15250-85-2. Ciències.

[Itsasoaren Inbentarioa Irudiduna](#) (euskara)

ISBN 978-84-9172-220-5. Zientzia.

[Inventário ilustrado dos mares](#) (português)

ISBN 978-989-99583-6-4. Ciência.


...Esta gran diversidade de especies mariñas está ameazada pola sobreexplotación pesqueira, a contaminación e a desaparición dos hábitats, e o cambio climático e a acidificación dos océanos tamén actúan na súa contra. A biodiversidade está a experimentar un terrible e rápido desgaste: máis dun terzo das especies oceánicas están en perigo, entre elas o cachalote, a balea azul, o dugongo, a tartaruga verde, o atún vermello, os corais, o peixe serra e o peixe martelo...

«Inventario ilustrado dos mares» é un álbum de divulgación científica que reúne un cento de animais e plantas pertencentes á rica biodiversidade mariña, algúns dos cales, como o peixe serra ou o atún vermello, están en perigo de extinción. Crustáceos, moluscos, peixes, mamíferos e outras especies conforman esta guía sinxela e práctica que, sen ser exhaustiva nin técnica, é un interesante material de aprendizaxe e de consulta arredor dun ecosistema do que aínda quedan milleiros de seres descoñecidos por incorporar ao Censo da Vida Mariña.

Virginie Aladjidi identifica cada un co seu nome común e científico, coa categoría que lle corresponde e cunha descrición. Emmanuelle Tchoukriel represéntaos con ilustracións precisas e naturalistas feitas con rotring e tinta chinesa, e coloreadas con acuarela.

O resultado evoca os gravados dos antigos exploradores.

Un libro que -xunto cos demais títulos que conforman a serie *Inventarios ilustrados*, das mesmas autoras- fomenta a curiosidade do lectorado infantil e adulto polo medio natural e, polo tanto, a súa conservación.



■ **Temática:** catálogo de fauna e flora marina cun cento de especies de todo o mundo.

■ **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.

■ **Aspectos destacables:** ilustracións realistas coloreadas con acuarela; cada lámina contén ilustración, nome común, nome científico e descrición; outros *Inventarios Ilustrados*: [froitas e verduras](#), [dinosaurios](#), [animais](#), [animais con cola](#), [insectos](#), [aves](#), [flores](#), [árbores](#) e o compendio «[Bellezas de la naturaleza](#)»; outros libros: serie «[Animais extraordinarios](#)», serie «[Quen son?](#)» e colección «[Vitamina N](#)».

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/inventario-dos-mares-g>

Virginie Aladjidi

Durante anos traballou en revistas xuvenís e editoriais. Actualmente dedícase a crear coleccións de libros e textos en colaboración con Caroline Pellissier.

<http://virginiealadjidi.blogspot.com>

Emmanuelle Tchoukriel

Estudou Artes Aplicadas e ampliou a súa formación no eido da comunicación visual antes de ingresar na Escola Estienne de París e de especializarse en ilustración médica e científica.

<http://tchouk-tchouk.blogspot.com>

